

22. PROXECTO LECTOR

1. XUSTIFICACIÓN

Falta normativa vixente

En cumprimento da LOMCE, este Proxecto Lector de Centro tenta conseguir que o alumnado do CEIP de Trives, ao remate dos seus estudos adquira as competencias especialmente en canto:

- **Competencia lingüística:** a lingua, traballada tanto no aspecto oral coma escrito, é a ferramenta de comprensión e representación da realidade.
- **Tratamento da información e competencia dixital:** desenvolvendo a formación documental en distintos formatos.
- **Competencia social e cidadá:** potenciarase formando un alumnado con espíritu crítico para localizar e elexir unha información, establecendo relacións de empatía mediante o coñecemento doutras realidades.
- **Competencia cultural e artística:** terase en conta que a actividade lectora en distintos formatos irá paralela a outras actividades de expresión que desenvolvan a iniciativa, imaxinación e a creatividade.
- **Competencia de autonomía e iniciativa persoal:** o alumnado formará os seus propios gustos e valores a partires dos textos diversos en canto a temática, formatos, idioma...
- **Competencia matemática:** mediante a interpretación de símbolos e o desenvolvemento das secuencias temporais, tanto a nivel de análise da estrutura do texto coma dos conectores na linguaxe escrita.
- **Competencia para aprender a aprender,** xa que formaremos usuarios que autonómamente saiban utilizar os recursos que a lectura lles poida proporcionar.

O Plan Lector integrará todas as actuacións do CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso en prol do fomento da lectura, escritura, comprensión lectora e adquisición das competencias.

Observamos que a lectura diminúa e se empobrece conforme se van cubrindo as diferentes etapas. Pensamos que a lectura debe asentarse en todo o proxecto educativo arredor de tres eixes: saber ler, querer ler e poder ler.

Queremos actuar en todos eles para revertir, de maneira eficaz e proporcionada, o problema que nos atinxe: a débil condición lectora dos nosos alumnos e alumnas.

Estes tres eixes requieren un clima de atracción que permita acceder ós nosos lectores ós más variados linguaxes. Aquí a biblioteca escolar, entre outros medios, debe cumplir un papel primordial.

Saber ler e querer ler deben exercerse e confluir en tempo e en espazo. De ahí a necesidade do proxecto da biblioteca escolar que faga posible, na súa xusta medida, o poder ler.

A biblioteca escolar é un recurso imprescindible para formar a noso alumnado na consulta e na selección das diversas informacóns, así como na formación do autocoñecemento. Pretendemos que sexa un espazo para o acercamento da lectura de textos literarios e informativos, en formato impreso, audiovisual o multimedia, para que adquiran o hábito lector e formar unha comunidade lectora.

Desexamos que o noso Centro educativo xogue un papel fundamental no fomento de actitudes positivas en torno ó libro e a la lectura. A partir del pódese elaborar proxectos de lectura a medio e largo prazo mediante un plan de actuacións.

Tendo como recurso a biblioteca escolar, garantizamos a existencia de fondos en diversos soportes e o seu acercamento ao alumnado.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO.

2.1. ANÁLISE DO CONTEXTO

Dados os niveis sociais e educativos da maioría das familias e a presión que hoxe en día exercen os medios audiovisuais, os índices de lectura non son moi altos, ainda que hai que dicir que aumentan, é verdade que lentamente pero de forma progresiva, dende hai varios cursos, en parte, pola labor que foron desenvolvendo dende a planificación da programación anual do centro e, en parte, pola posta en marcha dunha serie de actuacións favorecedoras de prácticas lectoras.

2.2. PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS DO ALUMNADO. LOGROS E DIFICULTADES. METODOLOXÍAS EMPREGADAS

Para levar a cabo o proxecto lector unha das nosas primeiras actuacións vai dirixida a coñecer as prácticas lectoras do noso alumnado e posteriormente actuar en consecuencia, para o cal enviamos a todas as familias a pertinente enquisa para que axudaran os seus fillos/as a cubrila e despois devolver o centro debidamente cuberta. Dita enquisa axudarános a coñecer as prácticas lectoras do alumnado, en canto a preferencias, gustos, actividades, etc...A enquisa realizada é a seguinte:

ENQUISA BIBLIOTECA ESCOLAR

- Gástache ler?
- Cal é o libro último que liches ou estás lendo?
- Cal é o teu libro favorito?
- Conxeces alguma revista que che pareza interesante?
- Que libro che gustaría que toubese na Biblioteca que non hai?
- Gástanche máis os libros ou os tebeos/cómics?
- Nomea a tua serie de televisión preferida (debuxos animados, series, programas, ...)

- Prefires un libro en castelán ou en galego?
- Sinala os temas de lectura que máis che gustan:
 - Animais e mascotas
 - Debuxos (coleas)
 - Natureza
 - Descubrimientos, ciencia, tecnoloxía
 - Contos
 - Historias de misterio ou terror
 - Aventuras/ acción
 - Deportes
 - Revistas xuvenís (sinala algúnsa).....
 - OUTROS (sinala cales).....

Grazas ao traballo conxunto da comunidade educativa, fíxose unha valoración das prácticas lectoras e escritoras do alumnado e do profesorado: a falta de comprensión lectora é un problema xeneralizado.

Dende o colexio e concretamente dende cada curso determinamos levar a cabo as actividades programadas dentro do Plan Anual de Biblioteca.

A metodoloxía a levar a cabo estará basada nos seguintes aspectos:

- Unha metodoloxía aberta e flexible,tendo en conta o entorno, que sexa de utilidade para os alumnos con maiores carencias.

- Unha educación personalizada, destacando a singularidade e creatividade dos alumnos.
- Que poña maior interese nos procedementos e actitudes, non só nos contados.
- A educación como búsqueda dunha formación integral máis aló da aula.
- Que realiza avaliacións periódicas dos proxectos curriculares e promove a autoevaluación como estímulo e orientación no proceso educativo.

3. NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NESTE ÁMBITO.

O profesorado do centro presenta unha actitude positiva fronte ás propostas de dinamización pero non posúe a formación e as ferramentas necesarias para un desenvolvemento optimizado das estratexias. En xeral, a formación do profesorado en canto ás Bibliotecas Escolares (BE) é escasa, tanto na xestión técnica do proceso de catalogación, como na preparación de actividades de dinamización. Tampouco se dominan o vocabulario específico da área: formación de usuarios, proxectos documentais integrados, CDU, signatura, “tejuelado”...

Precisamente por isto se estivo a desenvolver durante cursos anteriores un Plan de Formación Permanente do Profesorado neste campo.

Aclaramos agora brevemente algúns contidos que se trattaron na formación e que seguen a traballarse pola recente renovación do profesorado e a inclusión do centro no PlanB:

Formación de usuarios	<p>No ámbito das bibliotecas, o termo formación de usuarios refírese a todas aquellas accións dirixidas a ensinar ós usuarios a utilizar a biblioteca e os seus recursos. Considérase unha das funcións básicas da biblioteca, e no caso das BE, a súa función primordial.</p> <p>A biblioteca escolar debe concibirse, dende os primeiros niveis da escolaridade, como parte integrante do proceso educativo, dotada de recursos informativos, formativos e de ocio tanto para os docentes como para os alumnos. De acuerdo co Manifesto da biblioteca escolar UNESCO/IFLA 1999, as</p>
-----------------------	--

	funcións que se lle asignan son esenciais para a adquisición da lectura, a escritura, as capacidades informativas e para o desenvolvemento da educación, da aprendizaxe e da cultura.
Proxectos documentais integrados	Os proxectos documentais integrados son pequenas investigacións nas que o alumnado traballa directamente coa documentación (independentemente do soporte) aprendendo a aprender e a traballar autonomamente. Son investigacións nas que o alumnado, ademais de investigar sobre un tema ou problema concreto, familiarízase cos mecanismos de busca de información e trabalho intelectual empregando para eso os recursos documentais da BE.
CDU (Clasificación Decimal Universal)	A CDU é un sistema de clasificación do coñecemento que nace da necesidade de ordenar e catalogar as obras da biblioteca. Adoita dividir todo o coñecemento en dez grandes campos ordenando os libros por materias. A cada materia correspóndenlle varios números ou letras. A CDU chámase decimal porque as cifras usadas para catalogar os libros se consideran como decimais, non como números enteros. Cada decimal, á súa vez, pode subdividirse nun novo número decimal, sen que a orde dos números se altere. O organismo encargado de xestionar a CDU é AENOR (Asociación Española de Normalización e Certificación), organismo responsable en España de elaborar as normas para todos os sectores industriais e de servizos. O mesmo criterio de clasificación se utiliza para o fondo de fonoteca e a videoteca, que reciben un tratamiento da CDU más flexible e esquemático.
Signatura	A signatura topográfica é o signo utilizado para indicar a localización dun documento dentro dunha biblioteca.

	No caso das BE, a signatura topográfica componse da codificación da CDU simplificadas a dúas cifras, as tres primeiras letras en maiúsculas do apellido do autor e as tres primeiras letras do título do documento en minúsculas.
"Tejuelado"	Consiste en pegar a etiqueta (co código de clasificación asignado) no lombo do libro.

4.-OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.

O noso obxectivo principal é deseñar un proxecto lector personalizado para o centro establecendo uns criterios comúns para todas as áreas.

Este proxecto pretende ser sinxelo, realista, consensuado a baseado no fomento das boas prácticas lectoras e na tarefa cotiá de profesores/as e alumnos/as. Fomentando a comprensión lectora como base d todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

A **finalidade** do plan de lectura:

Fomentar o hábito e o gusto pola lectura e contribuír a mellorar a práctica da lectoescritura.

Os **obxectivos xerais** do plan de lectura son os seguintes:

- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículum.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Despertar e aumentar o interese dos alumnos pola lectura.
- Lograr que a meirande parte dos alumnos descubran a lectura como un elemento de gozo persoal.
- Promover entre os alumn@s o uso cotidiano e diario da biblioteca de xeito que adquiran as ferramentas para o manexo eficaz, así como valoren a importancia de coidar e conservar os libros.
- Incorporar as TICs ao día a día do centro de xeito que os alumnos aprendan a súa utilización nos diversos ámbitos e analizar a información que obteñen de xeito crítica.
- Potenciar actividades de escritura de diferentes textos, en diferentes soportes así como a procura documental para a elaboración de proxectos de traballo.

- Propiciar no alumnado a adquisición dunha competencia lectora suficiente que lle permita abordar as tarefas escolares.
- Utilizar a lectura tamén para desenrolar capacidades que lles faciliten a búsqueda de información e documentación
- Adquirir e desenvolver a competencia lecto-escritora e o hábito lector
- Potenciar a alfabetización na información en distintos soportes
- Fomentar o pracer pola lectura
- Crear e consolidar o hábito de lectura diaria
- Estimular o emprego de metedoloxías activas e aprendizajes más significativas

Este Proxecto Lector incorporarase ao Proxecto Educativo de Centro co fin de traballar a comprensión lectora de modo sistemático. Tamén incluirase na Programación Xeral Anual unha referencia ao Plan Lector.

A Adquisición da comprensión lectora e a competencia lingüística implica traballar en todo tipo de textos (informativos, xogos multimedia, documentos electrónicos) e para calquera tipo de finalidade (estética, creación individual, colectiva, publicitaria, informativa, ...)

4.1. Formación de lectores competentes.

Dado que o alumnado precisa dunha boa competencia lingüística oral e escrita, tanto para o seu crecemento persoal como para acceder ao currículum, é imprescindible dende a escola contribuír á formación de lectores competentes.

Un **lector competente** é o que posúe unha serie de estratexias lectoras que pode poñer en práctica e son, dependendo do seu nivel, as seguintes:

- Coñecer os obxectivos da lectura: que, por que e para que ler.
- Decodificar con fluidez.
- Activar os coñecementos previos pertinentes.
- Releer, avanzar ou usar elementos de axuda externa para a comprensión lectora.
- Distinguir o fundamental, as ideas principais, do accesorio ou ideas secundarias.
- Construir o significado global.

- Elaborar e probar inferencias de tipo diferente: interpretacións, hipóteses, prediccións e conclusións.
- Estratexia estructural (aproveitar a estrutura do texto).
- Atención concentrada.
- Avaliar se se vai comprendendo.
- Autorregular a actividade lectora: partir da propia actividade e da recapitulación do lido.
- Relacionar os coñecementos previos pertinentes coa información do texto.
- Integrar a nova información.
- Remodelar, se é necesario, as ideas principias.

Para favorecer unha maior competencia lectora no noso alumnado, pódense realizar numerosas **actividades**. Tendo en conta os seguintes aspectos, realizaremos actividades como as seguintes:

- ✓ Actividades para aumentar a velocidade lectora:
 - Buscar palabras nun texto.
 - Identificar palabras “intrusas”.
 - Corrección de erros.
- ✓ Actividades de lectura comprensiva:
 - Selección de libros axeitados según o nivel, intereses e motivacións dos nenos e nenas para a realización de lecturas na clase.
 - Preparación de fichas de lectura comprensiva por capítulos para as lecturas.
 - Cando se empreguen recursos audiovisuais ou outros, elaboraránse actividades didácticas e guións para facilitar a interpretación dos códigos verbais e non verbais.
 - Elaboración de fichas de lectura para os libros das bibliotecas de aula que se presten.
- ✓ Actividades lúdicas relacionadas coa lectura e a composición escrita:
 - Elaboración de contos e libros.
 - Creación de textos.

- Elaboración de xornais de aula.
- ✓ Actividades destinadas á optimización dos recursos existentes no centro escolar.
 - Préstamo habitual de los libros de la Biblioteca.
 - Elaboración de fichas de lectura axeitadas para cada nivel.
 - Actividades de animación á lectura, como a realización de contacontos, obradoiros de marionetas, dar protagonismo á mascota da biblioteca...

Así mesmo convén practicar a lectura en voz alta, pois esta axuda á comprensión e nos permite comprobar moitas veces se o alumno/a comprende ou non o que le. Ademáis, a lectura en voz alta mellora a dicción, a capacidade de expresarse en público con soltura, axuda ao alumno a vencer a timidez e o medo ao ridículo e, en definitiva, favorece o crecemento persoal a todos os niveis do alumno ou alumna.

1. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS. CREACIÓN DE AMBIENTES LECTORES.

A biblioteca tense que convertir no epicentro cultural do centro. Alí faranse actividades de dinamización e haberá unha hora reservada para cada curso. Dende este núcleo parten oito ramais concéntricos que traballados de forma sincronizada terán como misión fomentar a comprensión lectora como base de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, desenvolvendo á vez a competencia lectora, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico, contribuíndo, en definitiva, ao crecemento persoal do alumnado.

Estes oito ramais son os seguintes:

A biblioteca tense que convertir no epicentro cultural do Centro. Alí se farán actividades de dinamización e haberá unha hora reservada para cada curso.

A partir dela organizaranse os seguintes espazos dependendo das características propias de cada actividade que o titor leve a cabo cos seus alumnos.

1º A biblioteca de aula dependerá da biblioteca e emprestaranse libros como máximo para un trimestre, baixo criterios elaborados polo equipo de biblioteca. En todos os cursos crearanse “recunchos” de lectura, onde o alumnado poderá usala de maneira puntual, para levar libros para casa ou realizar as fichas de lectura.

2º A Natureza. Aproveitaremos calquera saída a contorna (outono, inverno e primavera) para ler citas de libros relacionadas co centro de interese que se está estudiando na saída.

3º O patio de recreo é un lugar idóneo para facer unha lectura comprensiva dun texto para despois comentala cos demais compañeiros. Seleccionaremos un recuncho onde prime o silencio, a natureza e unha temperatura agradable para levar a cabo este tipo de actividades.


4º A biblioteca da vila. Inculcaremos nos nenos a importancia de contrastar información bibliográfica. O obxectivo é afianzar no neno o concepto de bibliotecas como ferramentas de traballo para conseguir a máxima información posible dun determinado tema e non velas dunha maneira individual e aislada sen ningún nexo que as una.

5º Sala de exposicións do Concello. Cando visitemos unha exposición podemos enriquecerala lendo pequenos textos seleccionados con anterioridade na biblioteca do Centro.

6º As excursións pódense enriquecer preparando con antelación pequenos textos que despois in situ se lerán e comentarán entre todos dando unha visión mais completa do que estamos visitando e observando.

7º O vestíbulo do Centro é un bo espazo para difundir a lectura. Pódese habilitar unha pequena biblioteca para o alumnado que está esperando a súa familia ou para as familias que estén esperando a un docente.

8º A sala de informática empregarase como apoio para a consecución dos obxectivos perseguidos mediante a utilización de cederróns, xogos didácticos, lectura de documentos dixitais, tratamiento da información e uso crítico da mesma.



6. RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

Para o funcionamento eficaz da Biblioteca escolar é imprescindible a presenza dunha persoa responsable da mesma dentro do centro.

O mestre encargado debe ser asignado pola dirección do centro tendo en conta o interese, a idoneidade, a formación ou a experiencia neste ámbito, así como a disponibilidade de horario.

Polo tanto a biblioteca escolar ten que reunir as seguintes características:

- Debe ser un referente na escola, un pilar onde descanse o desenvolvemento do currículo e un motor do cambio e da mellora educativa.
- Un recurso usado por todas as áreas e materias, nunha intervención pedagóxica baseada nos recursos , como instrumento de aprendizaxe, onde o profesorado e o alumnado acuden entre outras cousas para informarse, traballar de forma individual ou colectiva...
- Un elemento compensador de desigualdades e polo tanto , deberá estar aberta durante o horario lectivo coma no caso de ser a única da comarca, en horario extraescolar.

Centrandonos na figura do Encargado da Biblioteca as súas funcións deben ser:

- Avaliar a situación e as necesidades do seu centro.
- Recoller e tratar a documentación:

O responsable da biblioteca encargase de:

- Recoller a información e documentación que responda as necesidades do seu centro, participa na selección e adquisición dos materiais didácticos , informativos e de esparcimento necesarios.
- Xestionar os recursos.
- Organizar a utilización dos fondos documentais, dos espazos e tempos dos recursos económicos.
- Comunicar e facer circular a información.
- Facilitar a difusión de todo tipo de información pedagóxica e cultural.
- Elaborar o proxecto anual da biblioteca escolar.
- Ofrecer recursos e oportunidades para o aprendizaxe.

- Participar na capacitación dos alumnos para o uso das fontes de información.
- Elaborar, xunto cos membros do equipo docente, actividades relacionadas co uso da información cun enfoque disciplinar ou interdisciplinar.
- Promocionar a lectura como medio de entretenimento e de ocio.
- Establecer e manter unha relación de colaboración con outros centros documentales, que favorezan o intercambio de informacóns e de traballo común.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

Tamén poderá ter tarefas técnico organizativas como:

- Rexistrar, catalogar e clasificar todos os fondos que cheguen a biblioteca.
- Manter os catálogos en perfecto estado, ou no seu caso, o catálogo informatizado actualizado.
- Manter os fondos debidamente ordenados nas estanterías.
- Manter actualizado o ficheiro de préstamos.
- Establecer un horario de utilización da biblioteca.
- Definir os criterios de empréstamo e atender o servizo.

7. COORDINACIÓN DO PROXECTO.

Atendendo á normativa, o Proxecto Lector e Plan Anual da biblioteca escolar serán elaborados e coordinados polo equipo directivo xunto coa persoa responsable da coordinación de dito proxecto e contará coa colaboración do profesorado das diferentes áreas.

É característica do noso centro a boa disposición de todo o Claustro en todo o relacionado coas actividades de animación á lectura, afianzamento do hábito lector...., tal e como se reflexa nas diferentes actividades levadas a cabo na consecución do currículum establecido nas diferentes etapas.

O funcionamento eficaz da Biblioteca Escolar supón unha axuda fundamental para o labor de todo o profesorado, sendo necesaria a colaboración de todos e todas para a súa existencia. Polo tanto ó principio de

curso planifícase unha reunión mensual para coordinar e tratar aspectos relacionados coa biblioteca escolar.

8. MODO DE DIFUSIÓN E APOIOS NECESARIOS.

A forma de difusión do Plan lector e Plan anual de biblioteca realizarase a través da páxina web e blog do centro educativo e do blog específico creado para tal fin sendo o enlace o seguinte: <http://tololeotrives.blogspot.com.es/>

9.RECURSOS

▪ 9.1 RECURSOS MATERIAIS

- Contarase co material de lectura, xogos, libros de consulta, revistas, mapas...etc. debidamente organizados por temas e niveis.
- Tamén estará dispoñible en todo momento o material informático e audiovisual co que conta o centro.
- Ordenadores coa conexión wi-fi, da que aínda non dispoñemos.
- Procurar ter sempre un fondo de materiais de expresión artística (instrumentos musicais, cartolinhas, papeis de diferentes tipos, teas...) para poder levar a cabo as actividades de animación á lectura que xa propuxemos en apartados anteriores.
- Iremos engadindo, a todos estes recursos, os materiais que o alumnado elabore na aula cos mestres das diferentes materias.
- Trataremos de que todo o material esté o máis actualizado posible, sempre dentro das dotacións económicas dispoñibles.

9.2 RECURSOS HUMANOS

Trátase de favorecer o hábito da lectura require un esforzo completo e continuo de toda a Comunidade Educativa.

Partimos da colaboración de todo o profesorado, que intentará levar a cabo o proxecto, axustándose ós distintos niveis educativos.

Outro pilar básico será o propio alumnado, xa que pódese contar cos alumnos/as maiores para realizar tarefas de colaboración cos máis cativos para o uso da biblioteca.

Tendo en conta que a responsabilidade da animación lectora é una tarefa compartida entre escola e a familia, trátase de potenciar a colaboración na posta en práctica do proxecto lector e a biblioteca escolar.

9.3 RECURSOS ORGANIZATIVOS

Para posibilitar ambientes lectores necesitamos fixar espazos e tempos que os propicien; para elo na biblioteca cada curso fixará unha hora á semana para este fin. Na aula, dentro do horario de cada curso tamén se fixará como mínimo quince minutos de lectura diariamente.

O horario da biblioteca é ininterrumpido durante o período lectivo. Funciona ao longo de todo o curso, xa que se abre a primeira semana de clase e mantense o seu horario ata final de curso.

10.-FAMILIAS E ENTORNO.

10.1 O PAPEL DA FAMILIA

A familia ocupa, como xa dixemos, un ámbito educativo básico que debemos ter en conta á hora de dar forma ao proxecto lector do centro. Contemplaremos accións que favorezan a implicación dela na promoción da lectura e da escritura nos rapaces.

- ↳ Realizando sesións informativas: onde se lles explique como axudar a mellorar a competencia lectora dos seus fillos e fillas.
- ↳ Creando un ambiente de lectura en familia, onde neste curso teñen un papel fundamental os avós e avoas do alumnado do centro.
- ↳ Valorando a participación das familias en actividades escolares: lendo para os más pequenos.

10.2 COORDINACION CON OUTRAS INSTANCIAS DO ENTORNO

Dende o centro buscarase a colaboración con outras instancias para favorecer o desenvolvemento da competencia lectora e escritora:

- Colaboración coa biblioteca municipal.
- Participación en actividades ofertadas por outras institucións (Concello, Deputación...) que fomenten a lectura e a escritura (semanas do libro, animación a lectura, exposicións , contacontos,...)

11. AVALIACIÓN

11.1 AVALIACIÓN DO PROXECTO

Valorarase o cumprimento dos obxectivos e a receptividade da comunidade educativa ás actividades desenvolvidas en cada curso. Verase se foron efectivas e, en función dos resultados, elaborarase o Plan do próximo curso.

11.2 AVALIACIÓN DO ALUMNADO

➤ Criterios de avaliação

Os criterios de avaliação están diseñados en torno á lectura e á expresión oral e escrita. No referente á lectura tense en conta a comprensión, e dentro desta valórarse a comprensión literal (localiza datos e informacións que están explícitas no texto), interpretativa (analiza e sintetiza a información do texto e fai deducións e hipóteses/inferencias sobre a mesma) e crítica ou profunda (é capaz de valorar a información distinguindo o que certo do que non, o que é xusto ou inxusto... segundo os seus coñecementos previos).

- *Amosar iniciativa e interese pola lectura*

Avaliarase o interese amosado pola lectura. Valorarase a iniciativa e a progresiva autonomía para ler e usar as fontes que proporciona a biblioteca da escola e internet. Terase en conta o número de libros lidos polo alumnado e o progresivo grao de dificultade dos mesmos. É dicir farase un seguimento da evolución dos índices de lectura no centro.

- Coñecer a biblioteca do centro, e, por extensión, outras como a Municipal

Valórarse que coñeza os distintos espazos da biblioteca, os materiais que pode atopar en cada un deles e a diferenza entre os mesmos.

- Empregar as bibliotecas de aula e de centro con certa autonomía.

Como fonte de información e como lugar que proporciona recursos relacionados coa información e coa lectura por pracer.

Valórarse que sexa quen de localizar aquilo que precisa dacordo coas súas necesidades, primeiro usando marcadores, así como o respecto polas normas de uso e a colaboración no bo funcionamento da biblioteca.

- Ler progresivamente de forma expresiva textos diversos con seguridade, fluidez e precisión.

Preténdese constatar a capacidade de ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos variados, evitando supresións, omisións, intercambios...

- Comprender textos orais (contos, noticias, informacíóns...) lidos ou contados por outros, extraendo o sentido global da mensaxe.

Avalíase especialmente o recoñecemento das ideas principais e secundarias e a habilidade de seleccionar información para un fin.

- Localizar e comprender a información explícita en textos escritos en soporte papel ou dixital

Compróbase se o alumnado é capaz de localizar datos directos no texto.

- Comprender a información de textos escritos e facer inferencias directas, deducións, resumos, etc. a partir dos mesmos.

Compróbase se o alumnado diferencia as ideas principais das secundarias, se identifica a estrutura do texto (carta, noticia, texto expositivo...), a finalidade..., se é quen de facer interpretacións, hipóteses, predicións e conclusións durante

e despois da lectura, e se é capaz de estruturar as ideas principais facendo un resumo.

- Interpretar as ideas contidas nos textos escritos, tanto en formato impreso como multimedia, integránndoas nos seus propios esquemas de coñecemento.

Compróbase se o alumnado establece relacóns entre os coñecementos previos e a súas experiencias e a información do texto, se é quen de formular xuízos persoais , distinguir o que é certo do que é falso, xusto do inxusto... criticando e argumentando razoadamente a información.

- Producir textos orais coerentes e ben organizados.

Valórarse a coherencia de ideas, feitos, opinións... e a súa secuenciación e organización.

- Producir textos escritos coerentes e ben estruturados usando estratexias de planificación, textualización e de revisión e empregando soportes de papel e dixitais.

Valorarase que o alumnado sexa quen de expresarse por escrito en progresión de cohesión e de coherencia seguindo os pasos da producción textual (planificación, textualización , revisión e presentación)

- Buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos desoportes variados (webs, libros, carteis, prensa, enciclopedias...) e aplicar esta información aos contextos que o requiran.

Analízase a capacidade do alumnado para localizar e extraer a información de textos escritos discernindo a información principal da secundaria, identificando a estrutura do texto, a finalidade... e aplicando despois esta información a contextos apropiados.

➤ **Instrumentos para o seguimento e avaliação da lectura**

Algúns instrumentos que poderían ser eficaces na avaliação do propio Plan, poderían ser:

- **Observación e rexistro de datos** (profesorado e alumnado: autoavaliación).
- **Diarios de lecturas:** cadernos individuais onde cada alumno/a vai recollendo as impresións, lembranzas ou as creacións que lle suxiren as lecturas que máis lle van gustando ao longo das dúas etapas, sen outra obriga que a autocomplacencia e o recordo grato das mesmas. Sería bo que se conservasen desde Educación Infantil ata o final de Educación Primaria. O seu seguimento e valoración podería ser de gran axuda para coñecer a situación do alumnado referente á lectura e axudar a orientalo.
- **Probas específicas:** resumes, explicacións orais, cuestionarios, probas estándar de eficacia lectora...

23. PLAN ANUAL DE LECTURA

1.-XUSTIFICACIÓN

A lectura ten un valor insustituible, por iso, consideramos primordial darlle o protagonismo que precisa.

A lectura desenvolve a intelixencia lingüística e posibilita comprender a información contida nos textos, asimilala dun modo crítico , estimular a imaxinación e axudar ao desenvolvemento do pensamento abstracto.

A lectura comprensiva ten un papel fundamental para convertir a información en coñecemento, so dunha lectura comprensiva obteremos unha aprendizaxe significativa en todos os sentidos, por iso , no noso centro , dadas as dificultades de comprensión atopadas decidimos priorizala e convertila no eixe vertebrador de todas as demáis e outorgarlle así o verdadeiro valor que ten.

Os progresos en competencia lectora están directamente relacionados coas melloras en vocabulario e nas capacidades de expresión oral e escrita, a través da mesma, poden descubrir valores como a paz, a amizade , o compañeirismo, a xustiza , o amor á natureza e a solidariedade... valores que nos tempos actuais de individualismo e competitividade convén ter en conta.

É, polo tanto , unha realidade a relación directa entre a competencia lectora dos alumnos e o seu rendemento escolar.

A lectura é ,además , unha forma placentera de ocupar o tempo libre e dende ela , dende a nosa biblioteca ,pretendemos ofertar un espazo diferente, cómodida e complicidada que poden non atopar na aula tradicional.

2.- ANÁLISIS DO CONTEXTO E RELACIÓN COS DOCUMENTOS DO CENTRO.

Situámonos nun contexto rural, no que constatamos a través da enquisas levadas a cabo, un desigual uso da lectura dependendo do medio socio cultural .

Aínda que nestes últimos anos dinamizouse a biblioteca municipal e tamén a dos centros escolares , non deixa de ser lamentable que moitos alumnos non leen se non se lles obriga ás lecturas pre establecidas polos titores, salientar que non ocurre con todos , pero si que soe coincidir con nivel de estudos dos

proxenitores, por iso convén adotar estratexias para aumentar o interese dos nenos polo mundo da lectura.

Resulta curioso como ,a medida que van medrando ,os nenos deixan de ler, pois é precisamente nos cursos inferiores nos que o ano pasado levouse a cabo un maior movemento de libros .. sendo a medida que se fan maiores moito menos o número de libros que se len.

Por iso ,dende a biblioteca escolar, coa que levamos xa dous anos pertencendo ao PLAMBE , e en estreita colaboración coa municipal, propoñémos unha programación e posta en marcha dunha batería de actividades dirixidas a dinamizala e axudar así aos nenos a velas como algo moi preto deles, un lugar onde poden relaxar, viaxar, rir, chorar, vivir aventuras de todo tipo, investigar, preparar os seus teatros , consultar,,, ou incluso charlar ou debuxar sobre un libro ou revista que lles faga atracción ou interese.

Para iso seguimos coas subscricións a editoriais como kalandraka, a revistas axeitadas que nos envían mensualmente , Os bolechas.. e outras adquisicións que van xurdindo...

Este ano co motivo do proxecto **A lembranza dos nosos Av@s , a nosa familia** , incluiremos libros que nos axuden a descubrir toda información relativa a vida das familias no planeta, dividindo por cursos dito traballo, tamén relacionando co arte, coa música e todos e cada un dos aspectos sendo asi un tema globalizado e interdisciplinar no que participe todo o colexio e toda a comunidade educativa e o municipio e que terá como tarefa final a elaboración dun documental e unha exposición de todo o traballo feito.

Obviamente todo iso queda contemplado na Programación anual , tendo en conta o PEC , pois xa levamos traballando neste senso dende hai tempo , incluíndo a toda a comunidade educativa e tratando de dinamizar a relación familia –escola. Atendendo e incluíndo tamén o plan de convivencia, o proxecto lector, e tamén traballando convxuntamente co equipo de dinamización lingüística .Convén salientar que estamos nun centro pequeño no que resulta,se cabe, máis facil ser capaces de traballar de xeito interrelacionado.

Coxa elaboración de todas as actividades relacionadas coa lectura, incluímos tamén a escritura , traballando así a expresión oral, escrita e tamén artística coa introducción da arte nas aulas e na biblioteca.

Tololeo ,a nosa mascota da biblioteca, esta acompañada en todo momento pola mascota de convivencia xa dende o ano pasado que é Mafalda, trátase en definitiva de que os nenos asocien a ditos personaxes a un espazo físico e a súa vez sirva de punto de unión entre as actividades que se preparan para todo o centro ou a nivel particular dentro de cada aula.

As normas de convivencia que nos lembra Mafalda cúmprense na biblioteca e en todos os espazos do colexio, e os consellos , avisos , recomendacións para a realización de actividades de expresión oral , escrita ou artística de Tololeo tamén están presentes no hall de entrada e nos corredores, onde temós un panel informativo da biblioteca.

3.-OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos fundamentais que perseguimos coa elaboración deste plan anual é a consecución dunha participación e implicación de toda a comunidade educativa, comezando por nós mesmos como guías do noso alumnado e servendo de canle de comunicación coas familias, para así aumentar de xeito lúdico, dinámico e enriquecedor os costumes lectores dos noso alumn@s.

Así mesmo ,pretendemos que un ano máis a biblioteca sexa o centro de todas as actividades, dinamizando dende ela calquera proxecto , idea, actividade, conmemoración ao longo do curso.

Entre os obxectivos de xeito máis detallado están:

- .- Despertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- .- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- .- Fomentar a creación e consolidación de lectores capaces de desenvolverse con éxito en todo o ámbito escolar.
- .- Lograr que os alumnos descubran a lectura como un elemento de disfrute persoal.
- .- Fomentar no alumnado , a través de la lectura , unha actitude reflexiva e crítica ante o que acontece ao seu arredor.
- .- Profundizar no dominio da lingua, así como nas súas estructuras e destrezas básicas, escoitar, falar , ler e escribir.
- .-Desenvolver uha lectura comprensiva , eficaz e fluida.
- .-Exercitar a lectura expresiva.

- .- Animar a producción propia de textos sinxelos.
- .- Favorecer o uso continuo e autónomo da biblioteca.
- .- Incorporar as TICS ao día a día do centro de xeito que os alumnos aprendan a súa utilización nos diversos ámbitos e analizar a información que obteñen de xeito crítico.
- .- Utilizar a lectura como fonte de placer, de información e de aprendizaxe, así como medio de perfeccionamiento e de enriquecemento lingüístico e persoal.
- .- Coñecer , valorar e respectar o noso patrimonio literario , así como a biblioteca do centro , desenvolvendo unha actitude positiva cara a súa utilización.
- .- implicar a todos os membros da comunidade educativa na creación de hábitos lectores nos nosos alumnos, facendo partícipes ás familias nun intento de relacionar a lectura e a vida cotiá. Evitando así que só se relate co medio educativo.
- .- Continuar coa catalogación de títulos que quedan e dos que van chegar ndo dende as editoriais e suscripcións e dando a coñecer ditas novedades.

Todos estes obxectivos serán tidos en conta dende todas as áreas e non só dende as eminentemente lingüísticas.

De xeito más específica, na etapa de educación infantil os obxectivos deste plan perseguirán...

- .- Observar as características dos contos.
- .- Diferenciar debuxo de escritura.
- .- Disfrutar da explicación e lectura dun conto.
- .- Familiarizarse coa lectura dos títulos dos contos.
- .- Reconocer palabras escritas.
- .- Relacionar os títulos dos contos cos seus debuxos.
- .- Identificar o título dos seus contos preferidos.
- .- Entender o contido do conto.
- .- Explicar contos de xeito colectivo.
- .- Coidado e bo manexo de todos os materiais e espazos relacionados coa lectura.
- .- Reproducir oralmente un conto coñecido, poesías, refranes, adiviñas , ditos populares.

- .-Manexarse de xeito sinxelo na pizarra dixital con comprensións dos contos elexidas para eles.
- .- Dramatizar e expresar de xeito oral o guión dun conto sinxelo.
- .- Comezar co modo de traballo de investigación pedíndolle actividades que poidan levar a cabo , acorde a súa idade, e en colaboración coa familia.
- .- .- Visitar bibliotecas tanto a nosa, como a do les e a do concello e librerías para familiarizarse con mundo dos libros

Na etapa de educación primaria os obxectivos más específicos serán...

- .- Ler con fluidez e entoación, facendo as pausas correspondentes aos puntos e comas.
- .-Comprender os textos lidos e ser capaces de resumilos coherentemente .
- .- Ler contos e poesías, mantendo a entoación e o ritmo axeitados.
- .-interesar aos alumnos pola lectura como fonte de coñecementos relacionados coa natureza, historia, arte, deporte, literatura...
- .-Descubrir as posibilidades que ofrece a lectura como forma de lecer
- .-Analizar textos escritos aprendendo a extraer ideas principais así como diferenciar aos protagonistas dos personaxes secundarios.
- .-Identificar os distintos tipos de texto , poesía, prosa, descripción, narración e diálogo.
- .-Enriquecer o vocabulario , favoreciendo tanto a comprensión de textos escritos como a expresión oral e escrita.
- .- Dotar ao alumnado das suficientes ferramentas para poder realizar sencillos comentarios de texto de xeito autónomo.
- .-Analizar de forma reflexiva e crítica os valores que nos transmiten os libros.
- .-Mellorar coa lectura as propias capacidades comunicativas falar, escoitar, ler, e escribir. Aumentar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
- .- Dramatizar e expresar correctamente , a través do teatro, pequeñas obras, textos , poesía....
- .- Continuar co achegamento a un método de traballo de investigación no que guiados polo titor sexan capaces de atopar, resumir e poner por escrito dita información.
- .- Utilización das TICS non só para búsqueda de información , se non tamén como medio para ofrecer unha información.

.- Visitar bibliotecas tanto a nosa, como a do I.e.s. e a do concello, e librerías para familiarizarse con mundo dos libros

4.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

.- HORARIO DE GARDAS DE BIBLIOTECA E DA COORDINACIÓN DE BIBLIOTECA

	LUNS	MARTES	MÉRCOR ES	XOVES	VENRES
1º					
2º					
GARD AS	RECRE OS	LECTORES	EN BIBLIO	ROTACIÓN S	MESTRES
3º					DINAMIZACI ÓN BIBLIOTECA
4º					DINAMIZACI ÓN BIBLIOTECA
5º		COORDINACI ÓN BIBLIOTECA		DINAMIZACI ÓN BIBLIOTECA	

Os mestres que forman parte do equipo de biblioteca completan o seu horario cunha hora semanal de dedicación á biblioteca.

.- ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS NA BIBLIOTECA

Na nosa biblioteca de Tololeo, estamos incluídos todos os Mestres e mestras do colexio, non obstante , para axilizar o traballo e por cuestión de organización formamos un equipo que se dedica preferentemente ás actividades relacionadas con catalogación, cartelería , préstamos, mantemento (revisar estanterías, hospital de libros, novas adquisicións), subidas ao blogue da biblioteca...)

Dito equipo esta formado no presente curso polos mestres :

Jennifer Fernández Rodríguez. Mestra Orientadora do centro.

Francisco Javier López Muñoz. Mestre de 1º EP.

José Manuel Casal Penedo . Mestre de PT.

Pilar Gaiteiro Taboada. Mestra de MÚSICA.

Jorge Diéguez Prieto .Mestre de EF.

Mº Dolores Fioretti González . Mestra de apoio en EI.

Mº José Rodríguez Martínez . Mestra de EI.

Marisol Vasallo Merayo. Mestra de 6º EP.

María Lamelas Fernández. Mestra titora de 5º EP. e directora do centro.

Maria José Rioz González . Mestra de 2ºEP. Coordinadora .

Ditas actividades aparecen explicitadas na táboa que segue:

	JENNIFER	JORGE	MARISOL	PILAR	JOSÉ MANUEL	Mº DOLORES	FRANCISCO JAVIER	MARIA JOSÉ	MARIA
Dinam. E animación	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Cartelería/Decoración	X			X		X			
Catalogac meiga			X		X		X	X	
préstamos			X						
mantemento		X		X	X	X	X	X	X
blogue	X	X							X

Esta é a distribución de traballos na biblioteca, a coordinadora está como é lóxico presente en todas as actividades.

Ademáis a sección económica está a cargo de María Lamelas , a nosa diectora do centro.

Este proxecto lector foi aprobado no curso escolar 2016/2017

.-ORGANIZACIÓN DOS PRÉSTAMOS (COLABORADORES)

Durante este curso o préstamo vaise realizar de forma fixa durante dous recreos lectores , os luns e os venres. Aínda así ,as horas nas que se atope na biblioteca unha persoa do equipo e o alumnado así o requira poderán fazer ou préstamo ou devolución.

Así mesmo, neste curso introducimos a figura do colaborador voluntario para ir familiarizando ,aos nenos de 5º e 6º que se ofrezan, co préstamo no sistema informático e co Meiga, eles serán os encargados de fazer ese préstamo ,baixo a supervisión dalgún membro do equipo de biblioteca, polo de agora xa temos dous voluntarios e confiamos en que se vaian animando a facelo.

Elaboráronse para este curso uns libros de préstamo por cores, do mesmo xeito que esta distribuído na biblioteca, sendo azul para infantil, vermello para primeiro e segundo , verde para terceiro e cuarto e amarelo para quinto e sexto; a finalidade é que os nenos , todos os nenos , fagan o seu préstamo de xeito manual ata que chegan aos cursos superiores, neste libro deberán apuntar o título e o número de rexistro do libro que será no futuro o que necesiten coñecer para atopar os libros e para fazer o préstamo no Meiga.,

Así mesmo dentro deste libro tamén deberán apuntar a data de inicio ,entrega e darlle unha puntuación ao libro para asi dende o equipo de biblioteca e de xeito mensual facer un sondeo cos libros que mais se len e mais gustan, cara a unha compra de novos exemplares e revisión ou eliminación dos que non teñen saída, renovando e actualizando así a biblioteca.

.-ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E DOS TEMPOS

Cada aula co seu tutor ten unha hora fixa de adxudicación de biblioteca, na que pode realizar as actividades que considere co seu grupo –clase, aínda que poden acudir máis se así o precisan .

A biblioteca está aberta e disponible durante todo o horario lectivo, e nos tempos de recreo hai unhas rotacións dos Mestres de garda para atender as necesidades dos nen@s que deciden acudir a biblioteca nese momento.

A biblioteca está distribuída en dous espazos claramente diferenciados, por un lado unha zona de traballo, onde se atopan as mesas cos ordenadores para uso dos alumn@s , outra zona con mesas para poder traballar eles se o precisan, e por outro lado esta a zona que más gusta da biblioteca onde

poden disfrutar da lectura más relaxad e distendida cuns sofás e pufs , unha casiña, e un recén estrenado chan de madeira que o fai moi accoledor.

Un lateral da biblioteca está ocupada polas estanterías cos libros clasificados por cores segundo a idade do lector, se ben é certo que é só unha recomendación ou guía para eles .

5.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN Á BIBLIOTECA ESCOLAR DO CENTRO E INTERRELACIÓN COA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Dende o punto de vista da formación do profesorado dende a biblioteca pretendemos

- .- Formación en catalogación ao novo profesorado que se incorporou ao centro , e continuación coa mesma ata intentar rematar cos exemplares dos que disponemos e poder así ter un maior rexistro dos libros e materiais cos que contamos e seguir así coa dinámica de traballo xa establecido o ano pasado e dende que estamos no PLAMBE.
- .- Realización e aproveitamento dun curso de formación sobre utilización das TICS e ferramentas dixitais, como a pizarra dixital na biblioteca. Trátase de que a través de dita formación se elaboren actividades e recursos , tanto no blog como a nivel de aulas e para lévalo á practica na propia tarefa docente.
- .- Elaboración dun documental, en estreita colaboración co equipo de dinamización sobre as lembranzas dos av@s do alumnad@ do centro.

Dende o punto de vista das actividades a levar a cabo a partires do proxecto anual , pretendemos levar a cabo

- .- Sesións de animación e contacontos en colaboración coa biblioteca municipal
- .- En relación co proxecto que nos ocupa este ano da memoria dos nos@s av@s levaremos a cabo un estudio sobre os costumes e tradicións das familias no mundo no que que cada aula co seu titor levará a cabo un traballo de investigación ao longo do ano.,
- .-Visita a la biblioteca municipal para buscar información sobre os continentes e costumes e tradicións das familias traballo referido ao proxecto os avós
- .- Orientación e posta en marcha de obras de teatro e marionetas co alumnad@ nos que eles sexan os principais protagonistas, guionistas, decoradores ... sempre baixo a supervisión dos titores

.-sesions de animación lectora con algún escritor ou editorial , entre elles Kalandraka.

.- Visita dun mago ao colexio.

.- Rasi (mascota de 1º e 2º curso) visitanos e contanos historias.

.- Retomar a elaboración do xornal escolar do cole" A pingueira "

.- Elaboración de concursos de debuxo para infantil e redaccións de distintos textos en educación primaria

.- Uso cada vez más autónomo das tics por parte do alumnado e do profesorado.

.- Implicacións das familias, e en especial dos avos nas actividades que levemos a cabo, visitas dos mesm@s ao centro ...

Mantemos unha moi boa relación coa biblioteca municipal que complementa en moitas ocasións as actividades que levaremos a cabo no presente curso sobre todo nas datas xa pre establecidas das celebracións como magosto, samín, día dos dereitos humanos...

De dende o punto de vista das prioridades respecto ao noso alumnad@ pretendemos

.- Fomentar un uso e disfrute non so do espazo físico da biblioteca senon das actividades que dende ela se promovan, que fagan das mascota da biblioteca e da de convivencia algo cotiá e presente na vida escolar

.- unha mellora na comprensión lectora e escrita e un interese cada vez maior no mundo dos libros e os contos, en definitiva das aventuras.

.-motivar ao noso alumnado e ilusiónalo co proxecto que temos posto en marcha e que se convierta no eixe de todo o que se leve a cabo no centro, facéndolle partícipes dunha realidade tan cercana a eles, como son os seus av@s

Para todo iso , contamos con un gran equipo tanto de biblioteca como de centro completamente involucrado nos obxectivos que nos propoñemos para este curso escolar.

6.- SECCIÓN NA BIBLIOTECA

BIBLIOTECAS DE AULA . Principalmente nas aulas de infantil , debido iso si ,a unha maior comodidade dos nen@s , contan cunha biblioteca de aula, áinda

que asisten unha hora semanal a realizar actividades , préstamo ou o que considere a súa titora a biblioteca de centro.

BIBLIOTECA DO CENTRO , Dentro dela hai 4 seccións bien diferenciadas segundo o tipo de lector:

- .- Azul para educación infantil,
- .-Vermello para primeiro e segundo.
- .- Verde para terceiro e cuarto.
- .-Amarelo para quinto e sexto .
- .- Laranxa para manualidades , teatro, poesía e cómic.

Como novidade pretendemos por en marcha unha **sección cos libros de inglés** que a mestra especialista nos poida deixar e as adquisicións que podamos mercar segundo o presuposto co que contemos.

- .- Contamos cunha sección **Novidades** , na que tratamos de dinamizar e dar a coñecer o que nos vai chegando ou o que nos vai parecendo interesante.
- .- Hai ademáis unha **sección con revistas infantis ás que estamos suscritos**.
- .- Este ano creamos tamén a **sección ilustra o teu conto**, no que os nenos ademáis de ler poden facer un debuxo ou ilustración sobre o conto ou libro que lerón.

7.-RUTINAS DE LECTURA

.-A HORA DE LER.

Todos os días temos despois do recreo 15 minutos fixos nos que lemos todo o colelio , de xeito silencioso cada alumn@ ten o seu libro na aula .

Ademáis dentro de cada aula, cada titor segundo o horario establece unha sesión dedicada á lectura xa sexa individual ou colectiva, en voz baixa ou en voz alta..

.- LECTURA COMPARTIDA.

Como novidade este ano tratarase de fomentar a lectura compartida entre alumnad@ do mesmo e de distinto curso, uns len con outros, uns len a outros..

.- LECTURA EN PARELLAS NA BIBLIOTECA E NA AULA.

Deste xeito dentro dunha mesma aula trátase de axudarse uns a outros facilitando unha lectura máis dinámica e comprensiva.

.-AS FAMILIAS CONTAN.

En relación ao proxecto que nos ocupa este ano , as familias poden vir contar un conto , unha historia, algo relacionado coa data do curso no que estemos... trátase así de achegar a biblioteca ás familias e as familias á biblioteca.

.- CLUBE DE LECTURA EN INGLÉS. Como medida favorecedora da lectura en inglés vimos de proponer unha actividade coa colaboración da auxiliar de conversa, o coordinador de plurilingüismo e a coordinadora de biblioteca , na que nalgúns recreos lectores se poida levar a cabo según a disponibilidade e ir constatando a resposta dada polo alumnado.

7.- ITINERARIOS LECTORES

Consideranse itinerarios lectores os libros, contos, lecturas ... rutas de viaxe en definitiva que van levar a cabo os titores e o resto de Mestres co alumnad@ do centro. Dentro destes itinerarios se recomandan ou se traballan con libros tanto en lingua galega como en lingua castelá.

EDUCACIÓN INFANTIL

- .- Un libro por semana ou quincena da biblioteca
- .- Lecturas seleccionadas polo equipo de educación infantil segundo o proxecto no que se atopen.

1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- .- Libro de lecturas do método SM /Rasi e as súas aventuras.
- .- Un libro por semana ou quincena da biblioteca .

2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- .- Libro de lecturas do método SM /Rasi e as súas aventuras.
- .- Un libro por semana ou quincena da biblioteca .
- .- Abuela Opalina (colección Barco de vapor) lectura no grupo clase

3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- .- Libro por quincenas da biblioteca.

4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- .- Erase unha vez Don Quijote (Vicens Vives) como lectura en grupo clase.
- .- Un libro da biblioteca por quincena.

5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- .- Libro por quincenas da biblioteca.
- .- "Cómo hacer trabajos increíbles en internet y otros recursos" Ana Alonso.

6º DE EDUCACION PRIMARIA

- Libro por quincenas da biblioteca.
- . - "Cómo hacer trabajos increíbles en internet y otros recursos" Ana Alonso

8.-ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA ESTE CURSO E TEMPORALIZADAS

Correspóndele ao equipo de biblioteca a elaboración dos carteis e paneis informativos e da decoración -ambientación para levar a cabo as actividades que a continuación se detallan.

1º trimestre

- Inauguración da biblioteca (1 Outubro). Presentación aos cursos das mascotas e das normas da biblioteca
 - Recollida de material fotográfico dos av@s do alumnad@ e posterior exposición.
 - Día internacional da biblioteca (24 de outubro). "Conto contigo , Conta comigo" lectura no exterior de todo o alumnad@ e profesorad@.
 - Samaín (28 de outubro) . Investigación sobre os monstruos e os medos nos distintos continentes.
 - Magosto (11 de novembro) Actividades de teatro en colaboración coa biblioteca municipal. , recollida de material audiovisual de elaboración de receitas de outono e co froito do magosto en familia, visualización nas aulas.
 - Día dos dereitos do neno (novembro). Proxección de cortos nos que poidan observar a privación dos dereitos dos nen@s , escoller libros na biblioteca para traballar nas aulas, contamos na biblioteca cuns libros da editorial EVEREST que son sobre os que imos traballar nas aulas ,sobre un dereito cada un dos cursos do coleixio
 - Día da non violencia de xénero (novembro), Lembrar a nivel de aula a temática referida a este día, investigar sobre o papel da muller nos distintos continentes, como continuación ao traballo de investigación sobre o proxecto.
- Para a conmemoración destes dous días contarase coa colaboración da biblioteca municipal coa que se planificará unha actividade conxunta áinda por determinar.
- Concurso de redacción "**Que é un avó ou avoa para ti ?**" e "**Debuxa ao teu avó ou avoa**"

- .- Exposición dos traballos realizados polas aulas sobre costumes e tradicións das familias no continente que lles foi asignado.
- .- Preparación dun festival de paxxoliñas para ir a residencia de anciáns da nosa vila e intercambiar así cos av@s que ali residen actividades, dentro do proxecto que preside este curso.
- .-Festival de Nadal. Entrega de premio á mellor redacción e mellor debuxo de cada curso e elaboración de postais de Nadal no que o tema principal sexa a familias e os avós e avoas.

2º trimestre

- .-Día da Paz (xaneiro) traballaremos dende a biblioteca sobre os premios nobel concedidos á contribución da mesma. Levaremos tamén a cabo unha actividade coa familia cunha lectura de poemas en familia e a solta de globos con mensaxes de paz.
- .-Entroido (febrero). As familias de animación, sobre as que buscarán información e das que logo será o disfraz, sendo unha temática común para todo o centro.

Traballaremos tamén sobre a arte relativa a BOTERO, VELAZQUEZ, FRIDA KHALO E PICASSO e prepararemos unha exposición cara finais do trimestre coas obras artísticas traballadas , e as alusións á familia, facendo patente a súa particular visión da familia.

E dentro tamén do entroido levarase a cabo un concurso de postres de entroido no que se valore a elaboración familiar da mesma e que se recollerá de xeito audiovisual e en papel impreso.

.- Día da muller traballadora (8 de marzo). Se programarán actividades en colaboración coa biblioteca municipal referentes ao papel da muller na familia dende a súa incorporación ao traballo., dende as nos@s avoas atas as nosas nais. Levarase tamén a cabo unha recollida de debuxos e redaccións onde o alumnado recolla ou ilustre no que traballa a súa nai.

3º trimestre

- .- Para 3º, 4º, 5º e 6º haberá un concurso de ensaio ou artigo periodístico sobre o tema a familia.

.-Para o resto do alumnado de 1º, 2º e educación infantil unha recollida audiovisual sobre o que significa familia para eles. Así mesmo poderase expor os debuxos que fixeran ao longo do curso sobre a súa familia.

.- Elaborase, co 5º e 6º curso, un pequeño xornal escolar dixital, sobre as actividades que se fixeron ao longo do trimestre sobre o proxecto das familias e os av@s.

.- Día do libro, 23 de abril, coa celebración da conmemoración lembraremos a Shakespeare e Cervantes , facendo alusión as súas principais creacons artísticas. E voltaremos a facer unha xornada de lectura conxunta nos patios exteriores, onde repetiremos actividade do día internacional da biblioteca.

.- Día internacional da familia, 15 de maio. Faremos unha xornada conxunta invitando ás familias que queiran a asistir ao centro e na que na medida do posible cada aula preparará unha actividade para representar, ler, cantar, contar, dramatizar... dita actividade celebrarase tamén co ...

.- Día das letras galegas, 17 de maio, no que lembraremos a Agustín Fernández Paz e a Carlos Casares, e faremo unha selección de libros referentes a tematica dos av@s - familias . Farase unha exposición dos libros traballados, tanto en formato papel, como ilustración ,... un libro por aula.

Durante todo curso invitarase as familias a vir contar contos , historias , lembranzas a aula do seu fillo/a... e quedará recollido como material audiovisual para a elaboración do documental que en colaboración co equipo de dinamización e normalización vaise levar a cabo sobre as lembranzas dos av@s.

A pesares de ser estas as actividades previstas para este plan anual, non significa que durante o transcurso do ano non se poidan modificar, engadir ou suprimir algunas en función do ritmo de noso alumnado , e da evolución do noso proxecto.

9.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA

Para poder avaliar se o plantexado no plan anual de lectura da os resultados esperados é preciso reformularnos de novo cada un dos obxectivos e se foron levados acabo de xeito adecuado e se lograron moitivar ou mobilizar ao entusiasmo do alumnado e de todo o profesorado.

O plan será avaliado ao final de cada trimestre atendendo aos seguintes aspectos:

- .- Grado de consecución dos obxectivos.
- .- Grado de realización das actividades.
- .- Valoración das actividades realizadas coa finalidade de estudar a posibilidade de mantelas , suprimilas ou crear outras novas.
- ..- Detección de dificultades.
- .-Cómputo do número de libros lidos polos alumnos.
- .- Recollida das opinións e suxerencias do buzón de suxerencias.
- .- Implicación do alumnado , aulas nas actividades programadas dende a biblioteca.

A seguinte táboa pretende ser unha forma de avaliar dito plan, referíndonos en plan xeral ao proxecto e as actividades programadas para este curso 2016/2017

AVALIACIÓN	1	2	3	4	5
Foron axeitados os obxectivos propostos...					
Estiveron ben planificadas as actividades...					
Acadouse unha mellor comprensión lectora en xeral....					
Colaborouse activamente nas actividades preparadas ...					
Estiveron ben programados os tempos e os espazos..					
Despertouse o interese no alumnado polo mundo da lectura en todos os seus formatos...					
Facilitouse a realización de actividades para fomentar o uso da biblioteca e foron atractivas para eles... (Ofertando libros, revistas e materiais precisos)					
Atendéronse as demandas lectoras do alumnado...					
Houbo unha boa coordinación entre Mestres...					
Foron suficientes os recursos ofertados...					
Conseguiuse unha mellora no uso das tics..					
Conseguiuse atraer ás familias a vida diaria do centro...					

Favoreceuse o uso da biblioteca como espazo de lectura e investigación...				
Implicouse a toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado , familias e biblioteca municipal..				

Referente ao funcionamento da biblioteca (PLAMBE)

	1	2	3	4	5
Continuouse coa catalogación dos exemplares que se foron adquirindo na biblioteca					
Levouse a cabo a dinamización da mesma					

Ao final pasarase unha enquisa a todo o profesorado e ao alumnado para recoller as opinións e suxerencias cara unha mellora do plantexamento do plan do curso seguinte.
